



Conexión WiFi con usuario en Android

Rede Corporativa da Xunta de Galicia

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Conexión WiFi con usuario en Android	VERSIÓN:	01.00
COD. DO DOCUMENTO:			
ELABORADO POR:	Centro de Xestión de Rede	DATA:	18/03/2024
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá utilizar dito material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa AMTEGA e que requiren necesariamente da súa utilización. Dito compromiso inclúe a prohibición da reprodución parcial ou total do material mencionado, por calquera medio ou método.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. CONEXIÓN Á REDE.....	5
3. CONDICIONS DE USO:.....	7

1. INTRODUCCIÓN


O obxectivo do presente documento é describir os pasos para realizar a conexión á rede sen fíos utilizando un usuario auto xerado en equipos con Android.

2. CONEXIÓN Á REDE


Para conectarnos hai que dirixirse a Ajustes > Conexiones > Wi-Fi



Seleccionamos a rede RCXG-Externos e debe aparecer a seguinte pantalla:



Para continuar debemos cubrir os datos do usuario e contrasinal previamente solicitados en RCXG-Convidados e na opción de Certificado seleccionamos **"No validar"**.



17:37 96%

< **RCXG-Externos**

Identidad
601234567

Contraseña
.....

Certificado CA
No validar


No se ha especificado ningún certificado. La conexión no será privada.

Volver a conectar automáticamente ☒

Ver más

Conectar

Neste punto hai que facer clic en Conectar e xa se poderá navegar con RCXG-Externos.



17:38 95%

< **Wi-Fi**

Activado ☒

Red actual

RCXG-Externos
Conectado

3. CONDICIÓN DE USO:

Có acceso á rede Wifi o usuario acepta de modo explícito as obrigas aquí indicadas.

Medidas de seguridade de obrigado cumprimento

Os usuarios que accedan as redes Wifi da Xunta de Galicia teñen que cumprir coas seguintes medidas de seguridade:

1. O equipo utilizado para conectar coa rede Wifi deberá empregar un sistema operativo distribuído de forma oficial por fabricante do mesmo.
2. O equipo debe ter un antivirus instalado. Este antivirus ten que funcionar correctamente, actualizando diariamente as súas firmas.
3. O equipo ten que ter instaladas todas as actualizacións de seguridade fornecidas polo fabricante.

A Amtega resérvase a facultade de non proporcionar ou inhabilitar posteriormente o acceso Wifi se non se cumpren as medidas de seguridade indicadas.

Monitorización

O acceso e tráfico das redes Wifi será monitorizado de modo automático polas plataformas de seguridade da Xunta coas seguintes finalidades:

1. Detección de actuacións anómalas.
2. Detección de intrusións.
3. Análise forense de incidentes de seguridade ou incumprimento das normas e políticas de seguridade.
4. Medición e estatísticas para a optimización e mellora do servizo.

Protección de Datos

Información básica sobre protección de datos persoais: os seus datos serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia - Amtega, coa finalidade de xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base lexitimadora é o cumprimento dunha obriga legal (R.D. 311/2022, de 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade). Non se prevén co-municacións a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acce-so, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.